

A principios do século XX abriuse a Gran Vía (unha avenida ampla que seccionaba o casco antigo pola súa parte norte, seguindo o modelo parisino de Haussman, adicada ao ocio e ao negocio. Para a súa construción derrubáronse mazás enteiras e apareceron os primeiros rañaceos da cidade) e a calle de Alcalá.

Actualmente usos do solo e as funcións son múltiples: turísticos, culturais, comerciais, político-administrativos, residenciais e de negocios.

Desde finais do século XX desenvolveuse un interese por restaurar e conservar as edificacións, moitas de mala calidade. Como sucede con outras cidades, os principais problemas do casco antigo son o envellecemento social, a marxinalidade ou problemas derivados da difícil convivencia entre as funcións residenciais e as de ocio.

O ensanche:

Nel atópanse os distritos dos Xerónimos, Retiro, Recoletos e Salamanca.

Durante a segunda metade do século XIX Madrid recibiu gran cantidade de emigrantes procedentes de distintos puntos de España (éxodo rural) chegados para traballar na industria e na construción. Comezan a desenvolverse barrios populares extramuros para facilitar este establecemento derrubouse a muralla de finais do século XVII, espazo que foi ocupado por bulevares e construíuse o ensanche burgués constituído polos barrios de Argüelles e Salamanca.

O ensanche foi deseñado en 1860 por Carlos María de Castro, a imaxe do creado por Cerdá en Barcelona, pero menos perfecto.

Presenta un plano regular, ortogonal, organizado en torno a rúas anchas, longas e rectas como a de Velázquez, Serrano, Goya... que se cortan perpendicularmente formando mazás cadradas. As edificacións creaban mazás abertas, con edificios de mediana altura, algúns de carácter palaciego, como o palacio principios do século XX de Linares.

O uso era principalmente residencial para a clase media-alta. Posteriormente o seu uso terciarizouse e converteuse nun centro financeiro e de negocios da cidade en torno ao Paseo da Castellana, no que se ubican as sedes de prestixiosas empresas e bancos así como edificios administrativos.

Xunto ao ensanche aparece a Cidade Lineal de Arturo Soria, un deseño de cidade-xardín de finais do século XIX, relacionado coas ideas naturalistas, tratábase de vivendas unifamiliares con horta e xardín distribuídas ao longo dunha vía de comunicación (pouco máis de 5 km) que poñía a cidade en contacto co campo. Co posterior crecemento da cidade, estes espazos quedaron situados en zonas relativamente céntricas o que favoreceu a súa revalorización e o seu cambio de uso (gardarías, clínicas privadas).

Desde finais do século XIX van xurdindo barrios para albergar a crecente clase obreira, con vivendas baratas e de mala calidade (Tetuán ao norte, las Ventas (NE) e Porta de Vallecas (S)).

O perfil financeiro do paseo de la Castellana consolidouse na actualidade co **Cuatro Torres Business Area (CTBA)** é un [parque empresarial](#) construído sobre los terreos de la antiga [Ciudad Deportiva del Real Madrid](#)

- A periferia

Corresponde co espazo exterior á "[améndoa central](#)" definida por la [M-30](#).

O enorme crecemento experimentado desde mediados do século XX, tanto demográfico como económico, fixo que a cidade se expandise ata límites difusos dando lugar a unha área suburbana situada fora do ensanche.

Esta expansión permitiu que antigo pobos das aforas como Vallecas ou Carabanchel fosen absorbidos pola cidade e outros como Leganés, Coslada ou Pozuelo aínda que manteñen a súa autonomía municipal, están xa unidos fisicamente a Madrid.

Este crecemento continuo ao longo do século XX ocasionou a creación dunha extensa área metropolitana que provoca movementos pendulares diarios e unha alta densidade de tráfico.

Para desconxestionar o tráfico creáronse a M-30 máis tarde a M-40 e M-50.

Entre os problemas da periferia destacar a degradación de certas zonas onde se implantou o chabolismo, e tamén mencionar, o deterioro dos antigos barrios obreiros o que favorece a marxinalización social.